**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 13 de xuño de 2014**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | D. Cayetano Rodríguez Escudero |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | |
| D. Carlos López Font | |
| Dª Mª Jesús Lago Rey | |
| Dª. Raquel Díaz Vázquez | |
| Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. José Manuel Fernández Pérez | |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |

**Invitados:**
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día trece de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(582).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 30 de maio e extraordinaria e urxente do 3 de xuño de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(583).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA U.A.D. CEDRO E NAS UBAS – MAIO 2014. EXPTE. 2158/315.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 5.06.14, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de dita Área, a xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de maio de 2014.

2º.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 “Contratación Servicio Seguridade”,minorándoo do RC 201400020621.

**3(584).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 15772/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Mesa de Contratación, que tivo lugar o 10.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos sevizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. Expte 15772-332 c no seguinte orde decrecente:

1.- Esmuvigo Sociedade Cooperativa Galega: 86 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Esmuvigo Sociedade Cooperativa Galega, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 680,44 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

**4(585).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L. EXPTE. 4839/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.06.14 e de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. a fianza de 7.479,08 euros constituída para responder das obras de humanización da rúa Faustino Alvarez, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 22 de maio de 2009 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS S.A. EXPTE. 4829/241.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.06.14 e de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 4.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. a fianza de 15.983,84 euros constituida para responder das obras de humanización da rúa Venezuela, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 19 de novembro de 2009 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**5(586).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE MAIO DE 2014. EXPTE. 318/330.**

Mediante escrito de data 6.06.14, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de maio de 2014, que son os seguintes:

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 312/330 | 21/05/14 | CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN E IMPRESIÓN DE MATERIAL GRÁFICO DO “FESTIVAL PRIMAVERA DE CINE EN VIGO 2014”. | 33402260905 | 30393 | 3.999,62 € | Ecovigo Publicidad, S.L. |
| 314/330 | 29/05/14 | CONTRATACIÓN DA EDICIÓN DE MATERIAL GRÁFICO PARA DIFUSIÓN DO FESTIVAL DE JAZZ “IMAXINA SONS'14”. | 33402260200 | 33275 | 2.350,73 € | Ecovigo Publicidad, S.L. |

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(587).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS, NO MES DE MAIO DE 2014. EXPTE. 5652/335.**

Mediante providencia de data 3.06.14, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de maio de 2014, que son os seguintes:

*Expte*: 5549/335. CONTRATACIÓN DO ESTUDO DE VIABILIDADE DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS E DA DETERMINACIÓN DO CANÓN DE CONCESIONARIA PARA A SÚA EXPLOTACIÓN
*Decreto concelleiro data*: 08/05/2014
*Informe Intervención*: RCM 27689
*Adxudicatario*: NOSTRUM AUDITORES SL
*Importe total*: 18.150,00 EUROS

*Expte*: 5580/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN DE FOLLETOS PARA DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE BANDAS DE MÚSICA E CORAIS POLIFÓNICAS
*Decreto concelleiro data*: 05/05/2014
*Informe Intervención*: RCM 26357
*Adxudicatario*: ECOVIGO PUBLICIDAD SL
*Importe total*: 3.437,91 EUROS

*Expte*: 5630/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE MATERIAL GRÁFICO PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2014”
*Decreto concelleiro data*: 08/05/2014
*Informe Intervención*: RCM 27690
*Adxudicatario*: ECOVIGO PUBLICIDAD SL
*Importe total*: 16.210,07 EUROS

*Expte*: 5631/335. CONTRATACIÓN DAS EXHIBICIÓNS DE DANZA URBANA VIKUL
*Decreto concelleiro data*: 13/05/2014
*Informe Intervención*: RCM 28792
*Adxudicatario*: CORREO MAGAZINE SL
Importe total: 5.082,00 EUROS

*Expte*: 5638/335. CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL ATA FINAIS DE XULLO DE 2014
*Decreto concelleiro data*: 28/05/2014
*Informe Intervención*: RCM 32881
*Adxudicatario*: SACAFERRO SL
*Importe total*: 17.183,45 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**7(588).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “I MARCHA CICLISTA POPULAR DE BEMBRIVE 2014” E “I TROFEO ENTIDAD**

**LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO INFANTIL", O VINDEIRO 15 DE XUÑO. EXPTE. 13099/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Entidad Local Menor de Bembrive a organizar o vindeiro domingo 15 de xuño de 2014 as probas deportivas que a continuacion se detallan:

I MARCHA CICLISTA POPULAR DE BEMBRIVE 2014, comenzará as 11.00horas e saldrá da Alameda do Torreiro e percorrerá por a rúa Igrexa, camiño do Ceminterio, Camiño da Garabulla,rúa Novelos, Espedrás, estrada de Bembrive, subida a Novelos, rúa Monte Calvario, subida a Mouteira, Ponte da Pedra, rúa Eifonso, Xeme, Cacheno, Troncais, Estrada Bembrive para finalizar na Alameda do Torreiro e pola tarde terá lugar o I TROFEO ENTIDAD LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE CICLISMO INFANTIL, a súa saída será da rúa Igrexa ás 17.00horas e seguirá pola rúa do Monte Calvario, Camiño dos Novelos, Rúa Espedra, Estrada de Bembrive para rematar na rúa da Igrexa".

**8(589).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS MUNICIPAIS DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS FUNCIÓNS CATASTRAIS. EXPTE. 2047/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.14, e de acordo co informe-proposta da directora de Ingresos, do 3.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a prorroga para o período comprendido entre 1 de xullo 2014 a 30 de xuño de 2015, do contrato para colaboración cos servizos de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica do Concello de Vigo apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados (Lote A zona Este do expediente 899/500) a empresa Servizos de Colaboración Integral SCI, S.L. adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2011, e todo isto de conformidade coa cláusula 2.3 do PCA e cláusula 7 da FEC

O importe da prorroga do contrato ascende á cantidade de 220.000€ (en lugar dos 232.460€ que figuran no contrato asinado, por considerarse importe suficiente para o cumprimento do obxecto do contrato) imputándose no presuposto do presente exercicio 2014 na partida 93102279902 o importe de 103.770€ e os restantes 116.230€, na mesma partida do presuposto do ano 2015.

SEGUNDO.- Autorizar a prorroga para o período comprendido entre 1 de xullo de 2014 a 30 de xuño de 2015, do contrato para colaboración cos servizos de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica do Concello de Vigo apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados

(Lote B zona Oeste do expediente 899/500) a empresa Longo y Ansa Asociados S.L. adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2011, e todo isto de conformidade coa cláusula 2.3 do PCA e cláusula 7 da FEC

O importe da prorroga do contrato ascende á cantidade de 220.000€ (en lugar dos 232.460€ que figuran no contrato asinado, por considerarse importe suficiente para o cumprimento do obxecto do contrato) imputándose no presuposto do presente exercicio 2014 na partida 93102279902 o importe de 103.770€ e os restantes 116.230€, na mesma partida do presuposto do ano 2015.

**9(590).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2014. EXPTE. 16027/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.14, o informe de fiscalización do 2.06.14, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 6.06.14, conformado polo concelleiro de Educación e o concelleiro de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA), que supón un custe de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 3210.489.00.01 (convenio FOANPA).

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se dí:

*“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil catorce*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local*

*Doutra, don Esteban Fernández Rodríguez, como presidente da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus*

*estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 16027-332.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presencia social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*
*Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.*

*II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.*

*A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbeto das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperacion entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos*
*Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.*

*Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles*

*que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.*

*III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.*

*IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2014, na súa partida 3210.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 606.039,31.-€, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (expte. 93407-301 para o curso 2013-2014).*

*V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2014.*

*VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 16027-332.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

*Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento*

*máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquedanzas e propostas destes colectivos.*

*O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.*

*A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:*

1 *Afrontar as tarefas de funcionamento, coordenación e xestión dos programas propios da Federación.*
2 *Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
3 *Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
4 *Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
5 *Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
6 *Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
7 *Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
8 *En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1. *Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:*

    - *PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 200.000,00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 30 de xuño.*

    - *SEGUNDO PAGO: por importe de 203.019,65.-€ a fin de curso e antes do 30 de setembro, e*

    - *TERCEIRO PAGO: por importe de 203.019,66.-€, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*

2. *O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.*
*Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.*
*Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.*

*Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

*A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa final deberá incluir unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificates de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.555.059,50.- euros (72.500.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.690.279,50.-€ dos gastos de comedores escolares e 792.280-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais)*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sétimo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*Asimesmo, a FOANPA, comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.*

*Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertenzan a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

*Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo e presidida polo Concelleiro de Educación.*

*En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2014, o formulario contido no anexo I do convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.*

*O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.*

*Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e*

*o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.*

*A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

*As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a _________________ de 2014."*

**10(591).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO ANO 2013 DO AULA DA UNED EN VIGO. EXPTE. 15891/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.05.14, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Cultura e

Educación, do 22.05.14, conformado polo concelleiro delegado de Educación, que di o seguinte:

*Vistos os informes obrantes no expediente, e escrito de alegacións asinado pola Directora da UNED de Pontevedra, infórmase:*

1. *Respecto ás cantidades correspondentes a extensión universitaria, enténdense como gastos non elixibles e, en consecuencia, non se incluirán na conta xustificativa.*
2. *Respecto aos gastos de adquisición de bibliografía, cuxa xustificación realízase con facturas correspondentes ao ano 2011 --fóra do período subvencionable, pois son anteriores mesmo á sinatura do Convenio no que regula as aportacións do Concello--:*
    - *A solicitude contida no escrito de alegacións da UNED, dunha aportación municipal extraordinaria para cubrir ese gasto de 2.844,22, semella inviable no marco do convenio actual, xa que este tasa os conceptos subvencionables (artigo 13), polo que, a xuízo do técnico que asina, a subvención extraordinaria solicitada non ten contido material posible en 2014, polo que sería de imposible xustificación cos mecanismos previstos no Convenio vixente (artigo 15 deste).*

*A Conta final xustificativa do Convenio entre o Centro Asociado da UNED de Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia, correspondente ao ano 2013, quedaría, pois, como se reflexa no seguinte cadro:*

| | *Concepto* | *Euros xustificación* | *Concepto en relación ao Convenio* |
|---|---|---|---|
| *1* | *Coordinación da Aula* | *4.200,00* | *Coordinación* |
| *2* | *Becas colaboración (titores)* | *17.094,56* | *Profesorado-titor* |
| *3* | *Material bibliográfico* | *602,98 €* | *Outros gastos material* |
| *4* | *Material funxible* | *353,21* | *Material funxible* |
| *5* | *TOTAL* | *22.250,75* | |

*Da fiscalización realizada sobre a conta xustificativa resultaría a seguinte cantidade a compensar ou reintegrar pola UNED:*

| *Pagado* | *Xustificado* | *A Reintegrar/Compensar pola UNED* |
|---|---|---|
| *53.358,00 €* | *22.250,75 €* | *31.107,25 €* |

*En consecuencia, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, vistos os informes da Intervención xeral municipal, aprobar o seguinte:*

*En relación coa Conta Xustificativa correspondente ao ano 2013 presentada pola UNED dentro do Convenio entre o Centro Asociado da UNED de Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia, vistos os informes do Servizo de Educación municipal, Intervención xeral de datas 27/03/2014 e 19/05/2014, e escrito de alegacións presentado polo Centro Asociado da UNED, que obran no expediente:*

1. *Considerar como non elixibles os gastos incluídos na conta xustificativa remitida pola UNED baixo os epígrafes "Función de extensión universitaria y cultural" (Extensión universitaria e UNED senior), cun importe total de 4.376,50 €*

2. *Respecto aos gastos de adquisición de bibliografía, cuxa xustificación realízase con facturas correspondentes ao ano 2011 --fóra do período subvencionable, pois son anteriores mesmo á sinatura do Convenio no que regula as aportacións do Concello--.: a solicitude contida no escrito de alegacións da UNED, dunha aportación municipal extraordinaria para cubrir ese gasto de 2.844,22, semella inviable no marco do convenio actual, xa que este tasa os conceptos subvencionables (artigo 13), polo que a subvención extraordinaria solicitada non ten contido material posible en 2014, polo que sería de imposible xustificación cos mecanismos previstos no Convenio vixente (artigo 15 deste).*

   *En consecuencia, considerar como non elixibles os gastos seguintes, por un importe total de 2.844,22 €, por non corresponder as facturas, datadas en 2011, co período anual obxecto da xustificación (ano 2013):*

| *Nº Factura* | *Proveedor* | *Concepto* | *Importe* |
|---|---|---|---|
| *554A* | *Fincasa Formoso, S.L* | *Material bibliográfico dotación Aula UNED Vigo* | *2.422,59 €* |
| *60C* | *Fincasa Formoso, S.L* | *Material bibliográfico dotación Aula UNED Vigo* | *232,47 €* |
| *71C* | *Fincasa Formoso, S.L* | *Material bibliográfico dotación Aula UNED Vigo* | *106,80 €* |
| *75C* | *Fincasa Formoso, S.L* | *Material bibliográfico dotación Aula UNED Vigo* | *41,18 €* |
| *86C* | *Fincasa Formoso, S.L* | *Material bibliográfico dotación Aula UNED Vigo* | *41,18 €* |
| *TOTAL* | | | *2.844,22* |

3. *Considerar como gastos xustificados, por un total de 22.250,75 €, os seguintes:*

| | *Concepto* | *Euros xustificación* | *Concepto en relación ao Convenio* |
|---|---|---|---|
| *1* | *Coordinación da Aula* | *4.200,00* | *Coordinación* |
| *2* | *Becas colaboración (titores)* | *17.094,56* | *Profesorado-titor* |
| *3* | *Material bibliográfico* | *602,98 €* | *Outros gastos material* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *4* | *Material funxible* | *353,21* | *Material funxible* |
| *5* | *TOTAL* | *22.250,75* | |

4. *En consecuencia, deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de 31.107,25 €, conforme ao seguinte cadro:*

| *Pagado polo Concello de Vigo* | *Xustifica-do* | *A Reintegrar/Compensar* |
|---|---|---|
| *53.358,00 €* | *22.250,75 €* | *31.107,25 €* |

*5. Notificar á UNED os extremos contidos no presente acordo, sinalándolle que as opcións que lle poden corresponder, ao existir un saldo negativo a favor do Concello de Vigo, son: o reintegro polo exceso non xustificado, ou o desconto nas aportacións municipais ao convenio no exercizo do ano 2014.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(592).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL NO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA CORRESPONDENTE AO ANO 2014. EXPTE. 10972/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.06.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.06.14, conformado polo concelleiro de Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.-Contratar en base aos acordos de XGL, relacionados anteriormente, como beneficiarios do programa Vigo Emprega, na categoria profesional de peón/as as seguintes persoas:

- *Peón/as construcción* (categoría profesional peón, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36125402S | MARTINEZ MESA, TERESA | 1º |
| 53190866P | CARVALHO GOMEZ, ABEL | 2º |
| 36045117T | DIEGUEZ FREIGEDO, MARIA CARMEN | 3º |
| 53190838A | OLIVEIRA GONZALEZ, MANUEL | 4º |
| 36064461R | MONTEAGUDO CORREA, EMILIO | 5º |
| 39486500P | COSTA GARRIDO, CESAR | 6º |
| 39450767V | GOMEZ ALONSO, DIEGO | 7º |
| 48454140V | PAZ PALAZON, DAVID | 8º |
| 39459328E | CAMPOS QUINTELA, DIEGO | 9º |
| 36164521B | FERNANDEZ FERNANDEZ, JOSE LUIS | 10º |
| 53174854G | CAMAÑO AMOEDO, FERNANDO | 11º |
| 32643219D | FRANCO RIVAS, Mª BELEN | 12º |
| 36026568N | GONZALEZ GARCIA, FRANCISCO JOSE | 13º |
| 36147919S | ALONSO MARIÑO, DIANA | 14º |
| 39460362K | FIRMES AREAL, BORJA | 15º |
| 39451975Y | ROADE IGLESIAS, SAMUEL | 16º |
| 39469176A | DAPONTE MARTINEZ, OMAIRA | 17º |
| 36020567Z | LAMAS LAMAS, JOSE | 18º |
| 39486311A | MACENLLE PARDELLAS, JULIO | 19º |
| 36143780Q | BERNARDEZ VARELA, JOSE MARIA | 20º |
| 36051024L | FERNANDEZ RUIZ, LUIS ALBERTO | 21º |
| 53191735A | ULLA NODAR, MARIA DOLORES | 22º |
| 36064516K | VILA FIGUEROA, URBANO | 23º |
| 36147955M | BASTOS DOS ANJOS, MANUEL | 24º |
| X4303038Z | DA COSTA LOUREIRO, JOSE CARLOS | 25º |
| 76992332Q | DA SILVA LOPEZ, ANA Mª PAZ | 26º |
| 53190007T | MARIÑO COMESAÑA, DANIEL | 27º |
| 36104609Z | MORENO SUAREZ, JOSE ANTONIO | 28º |
| 53817352C | VILLAVERDE VALIÑO, POL ADRIAN | 29º |
| 53083816T | SEGURA GOMEZ, VICTOR | 30º |
| 36103324V | SEIJO BARROS, JOSE ALBERTO | 31º |
| X3151509A | KOLEV NIKOLOV, GANCHO | 32º |
| 36103623V | DOMINGUEZ PENA, ABEL | 33º |
| 36138063A | FREIRIA ALONSO, MARCOS | 34º |
| 36166393C | RODRIGUEZ ESPAÑOL, VANESA | 35º |
| 39453449P | RIVERA GONZALEZ, FRESNEDO | 36º |
| 53188878K | RODRIGUEZ BOUZA, NATALIA | 37º |
| 53974062P | MARTINS FERNANDEZ, NAOMI | 38º |
| Y1206736D | SERBAN, COSTINA MADALIN | 39º |

- *Peón/as xardineria-forestal* (categoría profesional peón, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 53195417M | REGUERA RIAL, DAVID | 1º |
| 53173565A | REY COMESAÑA, DANIEL | 2º |
| 34946422S | CARBALLEIRA CARDALDA, MARIA TERESA | 3º |
| 53182509T | LOPEZ SANTORO, DANIEL | 4º |
| 39466485A | AMOEDO GARCIA, ADRIAN | 5º |
| 39460780W | PEREZ ABALO, NOELIA | 6º |
| 75169774R | ENRIQUEZ MARTIN, CRISTIAN | 7º |
| 36079819H | MIGUEZ BLANCO, SUSANA | 8º |
| 34255041Z | ARIAS GONZALEZ, TERESA | 9º |
| 53179448K | MEIJIDE NOVOA, DIEGO | 10º |
| 36045985V | GONZALEZ IGLESIAS, DIVINA | 11º |
| 36060519S | LOPEZ BASTOS, Mª TERESA | 12º |
| 35993875W | SANCHEZ DOMINGUEZ, MARIA | 13º |
| 36060330X | PETEIRO SIERRA, RAMON MANUEL | 14º |
| 36049297V | COVELO PEREIRA, Mª BEGOÑA | 15º |
| 77001017F | FERNANDEZ CAL, MARIA | 16º |
| 36035767B | DOMINGUEZ GARRIDO, JOSE RAMON | 17º |
| 36138131W | RIVAS ALVAREZ, OSCAR | 18º |

SEGUNDO. - Contratar en base aos acordos de XGL, relacionados anteriormente, como beneficiarios do programa Vigo Emprega, na categoria profesional de capataces o oficiais as seguintes persoas:

- *Capataces albañilería (categoría profesional capataz, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36056395P | POSADA TOME, JOSE | 1º |
| 36026342Q | COSTAS ALONSO, CANDIDO | 2º |
| 36160469F | CORTIZO PEREZ, IAGO | 3º |

- *Oficiais albaneis(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENE-FICIARIOS/AS dos programas de emprego)*
-

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36113530B | COMESAÑA VILA MIGUEL ANGEL | 1º |
| 36100262Z | ALVAREZ LOPEZ ALBERTO | 2º |
| 36099485L | ALONSO ALONSO JESUS | 3º |
| 36130663D | ROMÁN ARAUJO JOSE IGNACIO | 4º |
| 36137212A | COMESAÑA VILA JOSE ANTONIO | 5º |
| 77002031D | PEREIRA ALONSO JOSÉ | 6º |
| 36138538H | MENESES COSTAS JOSE CARLOS | 7º |
| 76904021W | RIVERO SINEIRO-LUENGO TOMÁS | 8º |
| 36022235A | ESTEVEZ ALVAREZ BERNARDINO | 9º |
| 36128335G | PEREIRA PARAMES JULIO | 10º |
| 36112364H | HERMIDA CARRERA MARCOS | 11º |
| 36083764F | OUTEIRAL RIVADAS EUGENIO | 12º |
| 36164766A | ROMAN SANTOS VICTOR | 13º |
| 36146253M | CARBALLO RÍOS LUIS | 14º |
| 36158944T | GOMES FIGUEIRAS OSWALDO | 15º |

- *Oficiais xardineiros-forestais (categoría profesional oficial, da modalidade traballado-res/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36086425T | GONZALEZ FERNANDEZ, JOSE MANUEL | 1º |
| 10824010A | GONZALEZ LOPEZ, JAVIER | 2º |
| 36020674Y | ESTEVEZ ALONSO, ENRIQUE | 3º |
| 36035613H | BELLO GUARDADO, LUCIANO | 4º |
| 36145899L | NOVO GONZALEZ, RAMON | 5º |
| X7715642Q | DACOSTA GONÇALVES, AGUSTIN | 6º |
| 36115694J | FERNANDEZ DEVESA, TOMAS | 7º |

- *Oficiais conductores (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36055334M | PRADO DAVILA, ALBERTO | 1º |
| 36089130Z | FERNANDEZ SOUTO, JUAN CARLOS | 2º |
| 36077011Q | RIBA ANDREU, VICTOR | 3º |
| 35487945A | FALCÓN DE LUCA, ENRIQUE MARCELO | 4º |
| 36142987M | QUINTAS GALLEGO, JESUS | 5º |
| 36127934V | JUNCAL TIZON, CARLOS | 6º |
| 36069343F | LOSADA LOSADA, JESUS | 7º |
| 36072837M | IGLESIAS VAZQUEZ, FRANCISCO JAVIER | 8º |
| 34963593M | RODRIGUEZ GONZALEZ, JOSE LUIS | 9º |
| 36097638N | MARQUEZ RAPOSO, DAVID | 10º |

- *Oficial conductor-palista* (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36140795K | CRUCES GIRALDEZ, GERMAN | 1º |

- *Oficiais electricistas*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 35997562D | CAMPOS COMESAÑA, JOSE | 1º |

- *Oficial carpinteiro aluminio-metálico*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36121958K | PRADO OTERO, ANGEL | 1º |

- *Oficial carpinteiro madeira*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36031590C | ORTEGA ORTEGA, ANGEL ANTONIO | 1º |

- *Oficial mecánico automoción*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36048143J | BARROS BARREIRO, LEOPOLDO | 1º |

- *Oficial canteiro*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36051327T | ALONSO RODRIGUEZ, FERNANDO | 1º |

- *Oficial pintor*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36035283X | RODRIGUEZ LORENZO, JUAN | 1º |

- *Oficial fontaneiro*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36012590H | POLA BASTOS, VICTOR | 1º |

TERCEIRO.- Que se remita ao servizo de Recursos Humanos o presente acordo, xunto coa documentación das persoas relacionadas anteriormente para a formalización da súa contratación.

CUARTO **.-** O custe destas contratacións aplicarase á partida do orzamento vixente 2410.1310000 ***"**Plan de Emprego Muncipal**"*** e 2410.1600000 *"Seguridade Social Emprego".*

QUINTO.- As contratacións terán as seguintes características:

- Periodo de contratación: 6 meses.
- Tipo de contrato: Obra ou servizo de interese social a xornada completa.
- Obxecto do contrato: Realización das funcións propias como peóns/as (categoría profesional peón/a), peóns/as xardineria (catergoría profesional peón/a) capataces (categoría profesional capataz) e oficias: albaneis, xardineiros, conductores, conductor palista, fontaneiro, pintor, carpinteiro metálico, carpinteiro de madeira, canteiro, mecánicos, (categoría profesional oficial)
- Período de proba: 1 mes.
- Retribucións salariais: As establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan de Emprego Municipal, na modalidade de Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego para a categoría de peón/as, capataces e oficiais, respectivamente..
- As pagas extras serán prorrateadas mensualmente.
- As situacións de incapacidade temporal interrumpirán o período de proba.
- Nas categorías de capataces e oficiais, deberán aceptar a sua designación como recurso preventivo nos casos e coas funcións e atribucións establecidas na lei 31/295 de Prevención de riscos laborais.

Para realización das correspondentes contratacións, achegáse a seguinte documentación:

- Copia dos acordos das Xuntas de Goberno.
- Actas da Comisión de Selección dos postos.
- Documento complementario: listado de persoas suplentes para ser utilizado no suposto de eventuais renuncias, que forma parte inseparable da proposta de contratación e cuia contratación autorízase por decreto no caso de renuncia expresa.

**DOCUMENTO COMPLEMENTARIO**
## LISTADO DE PERSOAS SUPLENTES

- *Peón/as construcción (categoría profesional peón, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 53820785A | DOMINGUEZ MOURE, BORJA | 1º |
| 35983535N | SEIJO MAYAN, JUAN JOSE | 2º |
| X9970586V | SERBAN, LACRAMIOARA LAR | 3º |
| 53185769V | RODRIGUEZ FERNANDEZ, EMILIO JOSE | 4º |
| 36051443R | ABALDE ABALDE, ELENA | 5º |
| 07835728L | LAZARO RODRIGUEZ, Mª ROSARIO | 6º |
| 36019306H | MERA CORREA, MARIA ELSA | 7º |
| 39488020X | DOS ANJOS DOS ANJOS, CLARISA | 8º |
| 36046455G | MARTIN SOLER, Mª NELIDA | 9º |

- *Peón/as xardineria-forestal* (categoría profesional peón, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36166679F | SOLANO DIZ, ANGEL | 1º |
| 36077361K | ULLA ALVAREZ, ANA | 2º |
| 36169740D | GARCIA BALLESTEROS, LEOPOLDO | 3º |
| 36028480S | ALVAREZ ALVAREZ, MARIA PILAR AMELIA | 4º |
| 36140338R | COSTAS DA SILVA, CARLOS MANUEL | 5º |
| 53188030R | RAMIRO RODRIGUEZ, ANDREA | 6º |
| 36128074L | FERNANDEZ DAPENA, PAULA | 7º |
| 36064330P | GONZALEZ MONTERO, Mª VICTORIA | 8º |
| 36125722J | DOMINGUEZ BLANCO, ANTONIO | 9º |
| 53195734F | BARREIRO PENA, TAMARA | 10º |

- *Capataces albañilería (categoría profesional capataz, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36043743Y | ABREU GARRIDO, MANUEL ENRIQUE | 1º |
| 76775329H | MARTINEZ PRIETO, MANUEL | 2º |
| 36005190R | RODRIGUEZ SALGUEIRO, APOLINAR | 3º |

- *<u>Oficiais albaneis</u>(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36079411R | PEREZ RABUÑADE, SENEN ENRIQUE | 1º |
| 36026342Q | COSTAS ALONSO, CANDIDO | 2º |
| 36099029T | VILA GUISANDE VICTOR MANUEL | 3º |
| 36052151L | COMESAÑA MARTINEZ JOSE MANUEL | 4º |

- *<u>Oficiais xardineros-forestais</u>(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 35566569J | VIEITEZ MARIÑO, JOSE | 1º |
| 36038119V | IGLESIAS ACEVEDO, ANTONIO | 2º |

- *<u>Oficiais conductores</u> (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36041450J | RIOS MEIJIDE, FERNANDO | 1º |
| 34932890F | PEREZ RODRIGUEZ, FRANCISCO. | 2º |
| 36002671N | ALVAREZ PORTO, HERMINIO | 3º |
| 35547523B | OTERO BLANCO, CONSTANTINO | 4º |
| 36070340S | FERNANDEZ COMESAÑA, ANTONIO | 5º |

- *<u>Oficial conductor-palista</u>* (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

  *Non hai suplentes.*

- *<u>Oficiais electrecistas</u>(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36018135C | OTERO NIETO, ALVARO | 1º |

- *<u>Oficiais carpinteiros aluminio-metálico</u>*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36002528F | FONTAN SANTANA, ARTURO | 1º |
| 36033326P | COSTAS RODRIGUEZ , JOSE MANUEL | 2º |

- *Oficial carpinteiro madeira*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36003417E | ESCRIBANO LORENZO, JAVIER | 1º |

- *Oficiais mecánicos automoción*(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36071993N | CRESPO BASTOS, MANUEL BENJAMIN | 1º |

- *Oficial canteiro(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36143798B | MEIJIDE VAZQUEZ, MOISES | 1º |

- *Oficiais pintores(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36023342Y | ALDARIZ ROMAN, FRANCISCO | 1º |
| 35991247L | VIEIRA RODRIGUEZ, JORGE | 2º |

- *Oficiais fontaneiros(categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):*

| DNI/NIE | APELIDOS, NOME | Nº ORDE |
|---|---|---|
| 36002069P | VILA GOMEZ, ANTONIO | 1º |
| 36013587A | PEREZ LONGO, FERNANDO JUAN | 2º |

**12(593).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 10236510/140.**

Visto o informe emitido polo Interventor Xeral con data 2.06.14, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xusticación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 201400001923 | 9120.2200100 | 700,00 | 557,70 | 13/01/14 | 24/04/14 | 13/04/14 | 142,30 | --- |
| Alonso Ferragud Santiago | 201400003741 | 9222.2210300 | 2.500,00 | 798,50 | 28/01/14 | 02/04/14 | 28/04/14 | 1.701,50 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400001943 | 9310.1620000 | 125,00 | 125,00 | 13/01/14 | 20/03/14 | 13/04/14 | ---- | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400001947 | 9310.2312000 | 424,06 | 352,43 | 13/01/14 | 20/03/14 | 13/04/14 | 71,63 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400001949 | 9310.1620000 | 125,00 | ---- | 13/01/14 | 03/04/14 | 13/04/14 | 125,00 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400002048 | 9310.1620000 | 125,00 | 125,00 | 15/01/14 | 01/04/14 | 15/04/14 | ---- | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400002097 | 9221.2302000 | 347,51 | 335,57 | 15/01/14 | 10/04/14 | 15/04/14 | 11,94 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400002098 | 9221.2312000 | 740,00 | 551,54 | 15/01/14 | 10/04/14 | 15/04/14 | 188,46 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400002099 | 9310.2312000 | 345,31 | 242,41 | 15/01/14 | 01/04/14 | 15/04/14 | 102,90 | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400014855 | 1692.2302000 | 470,30 | 470,30 | 14/03/14 | 24/04/14 | 14/06/14 | ---- | --- |
| Escariz Couso Alberto | 201400014856 | 1692.2312000 | 200,00 | 250,20 | 14/03/14 | 24/04/14 | 14/06/14 | ---- | 50,2 |
| Espada Recarey Luis | 201400002574 | 1693.2230000 | 600,00 | 109,29 | 23/01/14 | 14/04/14 | 23/04/14 | 490,71 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400002575 | 1693.2200000 | 500,00 | 378,96 | 23/01/14 | 07/04/14 | 23/04/14 | 121,04 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400002576 | 1693.2200100 | 500,00 | 393,50 | 23/01/14 | 07/04/14 | 23/04/14 | 106,50 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400002839 | 1693.2279900 | 17.999,00 | 17.669,70 | 16/01/14 | 07/04/14 | 16/04/14 | 329,30 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400003075 | 1693.2260100 | 500,00 | 98,30 | 23/01/14 | 14/04/14 | 23/04/14 | 401,70 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400011537 | 1693.2300000 | 500,00 | ---- | 28/02/14 | 12/05/14 | 28/05/14 | 500,00 | --- |
| Espada Recarey Luis | 201400011538 | 1693.2310000 | 500,00 | ---- | 28/02/14 | 12/05/14 | 28/05/14 | 500,00 | --- |
| Gutiérrez Orúe Francisco J. | 201400012861 | 1694.2330000 | 500,00 | 500,00 | 10/03/14 | 24/03/14 | 10/06/14 | ---- | --- |
| Gutiérrez Orúe Francisco J. | 201400013370 | 1694.2240000 | 2.100,00 | 2.100,00 | 14/03/14 | 24/03/14 | 14/06/14 | ---- | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 201400004672 | 1320.2269900 | 3.000,00 | 1.108,27 | 28/01/14 | 24/04/14 | 28/04/14 | 1.891,73 | --- |
| Martínez Muñoz Francisco | 201400004673 | 1320.2312000 | 600,00 | 65,40 | 28/01/14 | 24/04/14 | 28/04/14 | 534,60 | --- |

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xusticación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Otero Lamas Francisco | 201400003074 | 3133.4800000 | 5.000,00 | 3.250,00 | 23/01/14 | 10/04/14 | 23/04/14 | 1.750,00 | --- |
| Quintela Rodríguez Mª José | 201400016613 | 2310.2250001 | 60,00 | 60,00 | 31/03/14 | 02/04/14 | 31/06/14 | ---- | --- |
| San Luis Costas Avelino | 201400001924 | 9120.2260100 | 3.000,00 | 2.580,84 | 15/01/14 | 11/04/14 | 15/04/14 | 419,16 | --- |
| San Luis Costas Avelino | 201400001925 | 9120.2310000 | 1.000,00 | 1.295,53 | 13/01/14 | 11/04/14 | 13/04/14 | ---- | 295,53 |
| San Luis Costas Avelino | 201400001926 | 9120.2269900 | 1.000,00 | 117,23 | 13/01/14 | 24/04/14 | 13/04/14 | 882,77 | --- |
| Vieites Alén José Manuel | 201400001725 | 9220.2260300 | 6.000,00 | 5.989,51 | 09/01/14 | 14/04/14 | 09/04/14 | 10,49 | --- |
| Vieites Alén José Manuel | 201400014590 | 9220.2090000 | 1.543,08 | 1.543,08 | 14/03/14 | 11/04/14 | 14/06/14 | ---- | --- |
| Vieites Alén José Manuel | 201400022578 | 9220.2090000 | 2.400,00 | 2.400,00 | 22/04/14 | 08/05/14 | 22/07/14 | ---- | --- |
| Vivero Mijares Antonio | 201400005539 | 1340.2269901 | 3.000,00 | 2.996,82 | 12/02/14 | 12/05/14 | 12/05/14 | 3,18 | --- |
| **TOTAL** | | | 56.404,26 | 46.465,08 | | | | 10.284,91 | 345,73 |

**13(594).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PRA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 6573/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.05.14, o informe de fiscalización do 6.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Participación e Atención Cidadá, do 20.05.14, conformado polo xefe de dito Servizo, polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e polo concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre xa-

neiro e outubro de 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quince mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2014*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, -------------------- de dous mil catorce*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-A, en calidade de Presidente en da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 2, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 6573/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

*MANIFESTAN*

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:*

- *A estimulación e o desenvolvemento do deporte*
- *O fomento e a estimulación da cultura e o arte*
- *A organización e desenvolvemento de eventos recreativos*
- *O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo*
- *Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...*

*III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.*

*IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de xaneiro a outubro de 2014, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando económicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.*

*V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (prorrogado), a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €. Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenario extraordinaria, con data 02/05/14.*

*VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de xaneiro a outubro de 2014, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:*

| *ÁREAS* | *CONCEPTO* | *ORZAMENTO* | *CONTÍA SOLICITADA* |
|---|---|---|---|
| *Organización* | *Xestión e administracións*<br>*- Local Social*<br>*- Consumibles*<br>*- Administracións*<br>*- Subministros* | *6.000,00 €* | *5.500,00 €* |
| *Promoción* | *Edición da “ Revista Anuario”* | *1.200,00 €* | *1.000,00 €* |
| *Convivencia* | *Festa das Peñas Cea Irmandade* | *7.000,00 €* | *6.500,00 €* |
| *Social* | *XXX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa* | *2.300,00 €* | *2.000,00 €* |
| | *TOTAIS* | *16.500,00 €* | *15.000,00 €* |

*VII.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non incorrer en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.*

*VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

*PACTOS*

*<u>Primeiro.</u>- A entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

*1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.*

*2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*

*3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*

*4. A revista “Anuario” reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluiranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.*

*5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*

*6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

*7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*

*8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*

*9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto ca correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.*

*10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*

*11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*

*12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1. Conceder directamente á entidade Federación de Peñas Recreativas El Olivo unha subvención por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo" do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o os meses de xaneiro a outubro de 2014.*

*2. Respectar a estrutura organizativa da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.*

*3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

*1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

*2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

*4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

*Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.*

*Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.*

*Será requisito necesario que a entidade acredite non estar incursa en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.*

*De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.*

*Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2014.*

*Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

*1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
*2.Datas e lugar de celebración.*
*3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
*4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
*5.Actuacións realizadas.*
*6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
*7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
*8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
*9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto*

*ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- *os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- *os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- *daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- *en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

*acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*

- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

*- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
*- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
*- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
*- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
*- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
*- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG*

*i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza*

*destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*

*j) copias dos seguros de responsabilidade civil.*

*Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5077 93 3040016285 (Novagalicia Banco)*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo*

*Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----------------- de 2014.*

**14(595).- PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA 2ª FASE DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7299/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.06.14, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 27 de decembro de 2013, adxudicou as obras da segunda fase de construción do Centro Galego de Fotografía á mercantil COPCISA, S.A., por un prezo total de 348.010,18 euros € (IVE incluído).*

*Con data 20 de xaneiro de 2014, a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio resolvió contratar como dirección facultativa de dita obra a Pedro de la Puente Crespo e a Manuel Cuquejo González.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 7 de febreiro de 2014, nomeou a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como supervisores técnicos municipais das obras da segunda fase do Centro Galego de Fotografía.*

*A acta de comprobación de replanteo, e o inicio de ditas obras, foi asinada pola empresa adxudicataria, a dirección facultativa e os supervisores técnicos municipais, o 18 de marzo de 2014.*

*O prazo de execución das obras, segundo recolle o contrato asinado a 30 de decembro de 2013, é de 3 meses.*

*Así, a empresa COPCISA presenta no rexistro xeral deste Concello, con data 29/05/2014, unha solicitude de ampliación de prazo para a finalización dos traballos, asinada pola empresa, así*

*como polos directores facultativos da obra, e fundamentada na imposibilidade de acceso ao solar nª 12, da rúa Alta, lindante coa obra, que se atopa cheo de entullos o que provoca filtracións de auga no edificio do Centro Galego de Fotografía, polo que non poden executarse as labores de revestimentos, solados, falsos teitos, acabados e a instalación do ascensor, como estaba previsto.*

*En consecuencia, solicitan unha prórroga do prazo de execución de dous meses.*

*Con data 2 de xuño de 2014, os arquitectos municipais, supervisores técnicos das obras, emiten un informe no que estiman procedente a ampliación de prazo solicitada, posto que "as condicións que se dan no solar do nº 12 da rúa Alta, lindante coa obra referida, correspóndese coas citadas na solicitude achegada".*

*Deste xeito, e en virtude do recollido no artigo 100, do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administraciones Públicas, así como o artigo 213.2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, solicítase desa Xunta de Goberno Local, o seguinte:*

*APROBAR A PRÓRROGA DE DOUS MESES DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, segundo solicitude presentada pola empresa adxudicataria da obras, COPCISA, S.A., e a dirección facultativa, e informada favorablemente polos arquitectos municipais, supervisores técnicos de ditas obras.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(596).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 40480/212.**

Mediante escrito de data 22.05.14, o concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados na xefatura da Policía Local durante o primeiro trimestre do ano 2014, que son os seguintes:

| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 39758-212 | 13202279904 | SER | Apoio Xurídico á Policía Local | Carlos Borrás Díaz de Rábago | 08/02/14 | 11/02/14 | 7.260,00€ |
| 40194-212 | 13202190000 | SUB | Cristais antivandálicos cabinas cinemómetros | Tradesegur | 03/03/14 | 05/03/14 | 1.936,00€ |
| 40158-212 | 13202200201 | SUB | Disco duro | Sistemas Seguridad JL | 27/02/14 | 18/03/14 | 195,00€ |
| 39772-212 | 13202200101 | SUB | Material didáctico Educación Vial | - | 08/02/14 | 11/02/14 | 6.000,00€ |
| 39771-212 | 13202200100 | SUB | Libros | - | 23/01/14 | 27/01/14 | 500,00€ |
| 39778-212 | 13202279900 | SER | Mantemento etilómetros | Drager Safety Hispania | 21/01/14 | 23/01/14 | 2.517,50€ |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 39757-212 | 13202130000 | SER | Reparación, mantemento material diverso | - | 23/01/14 | 27/01/14 | 3.000,00€ |
| 39761-212 | 13202269901 | SER | Revisión metrolóxica | LOMG | 23/01/14 | 27/01/14 | 5.200€ |
| 39963-212 | 13202120000 | OBR | Obras Xefatura | DISMAC | 12/02/14 | 14/02/14 | 24.779,43€ |
| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe |
| 39756-212 | 13202219900 | SUB | Material operatividade | - | 23/01/14 | 27/01/14 | 18.000,00€ |
| 40049-212 | 13202120000 | SUB | Reparación, mantemento outras construccións | - | 20/02/14 | 24/02/14 | 6.000,00€ |
| 39727-212 | 13202279911 | SER | Outras prestacións transportes | - | 03/01/14 | 03/01/14 | 3.000,00€ |
| 39844-212 | 13202270602 | SER | Recollida mostras saliva | Drager Safety Hispania | 08/02/14 | 11/02/14 | 4.268,88€ |
| 39768-212 | 13202190000 | SER | Reparación, mantemento outro inmobilizado | - | 29/01/14 | 29/01/14 | 12.000,00€ |
| 39769-212 | 13202140000 | SER | Reparación, mantemento medios locomoción | - | 23/01/14 | 27/01/14 | 3.000,00€ |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**16(597).- SOLICITUDE ABOAMENTO DE CANTIDADES DEIXADAS DE PERCIBIR ENTRE A PRAZA DE AUXILIAR E ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL DERIVADAS DE EXECUCIÓN DE SENTENZA. EXPTE. 25303/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 4.06.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.05.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 24/01/2014, Dª Silvia Taboada Pardo, solicita a través do Rexistro Xeral (doc. 140009970) se lle abonen as cantidades deixadas de percibir dende a data que debería ter tomado posesión 1 de febreiro de 2012 e a data na que realmente se fixo efectiva 10 de decembro de 2013.*

*ANTECEDENTES*

*1.- En data 22/05/2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dictou sentenza no recurso de apelación nº 125/2013, interposto polo Concello de Vigo contra a Sentenza nº 29, do 29.01.2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo e estimatoria parcial do recurso contencioso-administrativo nº 90/2012, interposto por Dª Silvia Taboada González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 13/01/2012, nomeando funcionarios de carreira para as prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) encadradas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2008.*

*A sentenza de instancia, obxecto de apelación, fallaba que:*

*“Debo estimar parcialmente y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Dª Silvia Taboada González frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado nº 90/2012 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que no se considera acorde al ordenamiento jurídico, por lo que se anula.*

*En consecuencia, ordeno la retroacción de las actuaciones al momento justo anterior a la valoración de la formación, para que por parte del órgano evaluador se proceda a computar –a todos los participantes en el proceso selectivo- el curso analizado en esta resolución, y se coloque a la actora en la posición que legítimamente le correspondía, efectuando la propuesta de nombramiento conforme al resultado así obtenido”.*

*2.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 8 de agosto de 2013, adoptou acordo, polo que se procedeu ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e convocouse ao órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*3.- O órgano de selección en sesión de 2/10/2013, procecedeu a dar cumprimento ao contido da sentenza, remitíndose a Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2013, na que se adopta acordo prestando conformidade a proposta efectuada por dito órgano e en consecuencia se nomea a Dª Silvia Taboada González, con DNI 36116263-F, como funcionaria de carreira da subescala administrativa, escala de administración xeral, grupo C de titulación, subgrupo C1, formalizándose a súa toma de posesión con data 10 de decembro de 2013.*

*4.- Efectuados os cálculos pola Tesourería Municipal resulta que con o total que se lle adeuda polo periodo de 1 de febreiro de 2012 a 9 de decembro de 2013 é de 6.880,87 € co seguinte desglose: 4.208,36 € (2.522,09 básicas, 1.092,27 antiguidade e 594,00 atrasos paga exta) con cargo a partida 92301200300; 1.425,41 € complemento de destino a partida 92301210003 e 1.247,10 € de complemento específico con cargo a partida 92301210103; e correspondendo a seguridade social do traballador un total de 1.541,23 que deberán cargarse a partida 92301600000.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*I.- O artigo 57.3 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, que establece que “Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, y, asimismo, cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas”*

*II.- Existen antecedentes xudiciais sobre o recoñecemento do dereito ao cobro de ditas cantidades, tales como a Sentenza 600/2013, do 17 de xullo da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, así como que o recoñecemento en sentenza do dereito a determinado mérito ou valoración determinante do nomeamento comportará o dereito aos salarios e demáis concecptos dos que fose privado, (ATS 28 de xaneiro de 2011) se ben non procederán os conceptos prescritos ou se fosen incompatibles con outros ingresos do recurrente sen que elo supoña un enriquecemento inxusto para a Administración.*

*III.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización*

*e sostibilidade da Administración Local e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais polos importes sinalados no antecedente 4 deste informe. Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a Dª Silvia Taboada González, con DNI 36.116.263-F e nº de persoal 79158, o abono das cantidades deixadas de percibir correspondentes á diferencia económica entre a praza de auxiliar e a de administrativo de administración xeral dende data na que debería ter tomado posesión  01/02/2013 e 9/12/2013, derivadas da execución da sentenza Sentenza nº 29, do 29.01.2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso de apelación nº 125/2013.*

*Segundo.- Acordar que pola Tesourería municipal se efectúen os cálculos no programa de nómina (real) para o seu abono así como para a xeración dos correspondente seguros sociais.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada, Intervención Xeral, Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contenciosoadministrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito e dos contemplados na na Lei 36/2011, do 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.*

Con data 2.06.14, a xefa do Servizo de Recursos Humanos, emite a seguinte ampliación de informe-proposta:

*Con data 27/05/2014, remítese á Intervención Xeral expte. 25303/220, para fiscalización, o cal se devolve a este Servizo Xestor, para que se solvente na proposta o erro respecto as datas.*

*Recibido neste Servizo, compróbase que existe efectivamente un erro no apartado primeiro da proposta de acordo na data que se indica de toma de posesión, polo que onde dí: "01/02/2013", debe dicir "01/02/2012", manténdose os restantes extremos da proposta.*

Acordo

De conformidade co precedente informe-proposta, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Recoñecer a Dª Silvia Taboada González, con DNI 36.116.263-F e nº de persoal 79158, o abono das cantidades deixadas de percibir correspondentes á diferencia económica entre a praza de auxiliar e a de administrativo de administración xeral dende data na que debería ter tomado posesión  01/02/2012 e 9/12/2013, derivadas da execución da sentenza Sentenza nº 29, do 29.01.2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso de apelación nº 125/2013.

Segundo.- Acordar que pola Tesourería municipal se efectúen os cálculos no programa de nómina (real) para o seu abono así como para a xeración dos correspondente seguros sociais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada, Intervención Xeral, Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos oportunos.

**17(598).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 25326/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 3.06.14, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 20.05.2014 por un importe total de 4.973,00 (CATRO MIL NOVECENTOS SETENTA E TRESEUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

| NOME | DNI | Nº Persoal | Euros |
|---|---|---|---|
| ALONSO VILA, ANGEL LUIS | 36048400 | 22480 | 850,00 € |
| FERNANDEZ ALVAREZ, FLORENTINO | 36019741 | 14473 | 318,00 € |
| MOLARES BARGIELA, OSCAR | 36143265 | 79184 | 591,00 € |
| PEREIRAS BERMEJO, VIRGINIA | 78737463 | 80769 | 1.150,00 € |
| RODRIGUEZ REY, ENRIQUE | 36000962 | 8332 | 2.064,00 € |
| SUMA TOTAL | | | 4.973,00 € |

Segundo.- Denegar as seguintes solicitudes polos motivos que se especifican:

– Dª Tamara Costas Lorenzo, denegada por cubrila a seguridade social.
– D. Lisardo Fernández Díaz, denegada a comisión se ratifica no acordado na xuntanza de 20/02/2014.

**18(599).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLERIO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

**A) RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS. EXPTE. 24904/220.**

Dáse conta da referida resolución, de data 4.06.14, que di o seguinte:

*Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administracion Electronica", as funcións correspondentes ao posto de Xefe do Servizo de Administracion Electronica , con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concellerio Delegado de Administracion Elecronica.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporacion do funcionario adscrita ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2014, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instruccións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presencia no que se contemple a maior adicacion horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou reducción de xornada nin aboable*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, Planificacion e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DA REDUCCIÓN DE XORNADA LABORAL DE Dª. SOFIA MÉNDEZ CAMAÑO. EXPTE. 25319/220.**

Dáse conta da referida resolución, de data 4.06.14, que di o seguinte:

*Modificar a redución de xornada de 3 horas á funcionaria interiana, Dª Sofía Méndez Camaño, con DNI nº 76.826.904-G e nº persoal 80678, diplomada en traballo social adscrita á Área de Benestar Social, que xa ten concedida en virtude de Resolución desta Concellería-delegada de data 01/03/2013, quedando establecida en 2 horas durante o período de comprendido entre o 15/06/2014 e 15/09/2014, establecéndose a partir do 16/09/2014 novamente en 3 horas, coa diminución proporcional de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.g) da Lei 7/2007, do Estado Básico do Empregado Público.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, Xefa do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH., Inspector auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**C) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. ANTONIO SAMPIL VEIGA, CON EFECTOS DE 26/06/2014. Expte. 25285/220.**

Dáse conta da referida resolución, de data 20.05.14, que di o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. ANTONIO SAMPIL VEIGA, con nº de persoal 22935, na praza de Oficial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 26/06/2014.*
*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**19(600).- DAR CONTA DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO DE OBRA DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 2457/440.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.06.14, conformado polo xefe da Área de Fomento, e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Con data 7 de novembro de 2013 por Decreto do Alcalde, se delega na Concelleria da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do seguinte asunto:*

*a) Expte.12242/333. PROCEDEMENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22/11/2013, acordou Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €).*

*2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7/03/2014, adopta o seguinte acordo:*

> *"1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.*
>
> *2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.".*

*3º.- Con data 10/04/2014, asínase contrato de xestión de servizo público con construción de obra, coa sociedade MQA Navia, S.L., a través de escritura pública diante do notario D. Jaime Romero Costas.*

*4º.- Según a prescripción 6.1 do PCAP, o prazo para redactar o proxecto de execución das obras será de 1 mes, dende a data de formalización do contrato (10/04/2014).*

*A mercantil MQA VIGO entrega con data 10/04/2014 (nº rexistro entrada 140044321) o proxecto básico e de execución-construción do centro deportivo de Navia, redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, polo importe da obra civil por unha contía de 6.672.590,36 euros ( IVE excluído), contía que é coincidente coa oferta e coa documentación que se tivo en conta para o acordo da Xunta de Goberno de data 22/11/2013. Tamén con data 14/04/2014, entregan documentación técnica previa ao inicio de obra (nº rexistro entrada 140045467) para o proxecto de execución material para a construción e xestión do novo complexo deportivo en Navia, conformada polos seguintes documentos:*

- *Programa de traballo de execución de obra.*
- *Plan de seguridade e saude.*
- *Informe de conformidade do coordinador de seguridade e saude sobre o plan presentado.*
- *Control de calidade.*
- *Composición da dirección facultaiva do proxecto.*

*4.- Con data 16 de maio a Xunta de Goberno Local acorda entre outros:*

> *Primeiro.- Aprobar o Proxecto Básico e de Execución da Obra de Construcción dun novo centro deportivo municipal en Navia presentado por MQA Navia, S.L. E redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP....*
> *...*
> *Quinto.- Notificar á adxudicataria MQA Navia, S.L. a obriga de proceder a convocar a esta entidade, aos efectos de asinar a Acta de Comprobación de replanteo, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.*
> *Sexto.- A empresa adxudicataria MQA Navia, S.L. deberá dar conta ao Concello, con carácter previo á comprobación da acta de replanteo, a empresa que vaia a encargar a execución das obras, que deberá cumplir os requisitos de solvencia previstos no PCAP.*

*Con data 20 de maio, se notifica á empresa adxudicataria o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio.*

*Con data 21 de maio a adxudicataria MQA, Navia, S.L. , notifica que a empresa encargada da execución das obras será a sociedade CIVIS GLOBAL, S.L., que cumple tódolos requisitos de solvencia previstos no PCAP.*

*Con data 21 de maio asinase Acta de comprobación de replanteo e inicio das obras asinada polas empresas concesionaria e constructora, a dirección de obra e o responsable do contrato.*

*PROPOSTA:*

*1º.- Tomar coñecemento do cumplimento da empresa adxudicataria do establecido na cláusula 28 de Execución de contrato "Comprobación de replanteo" establece :*

> *"O contratista debera convocar ó responsable do contrato, ó responsable facultativo, así como o Director Facultativo da Obra, a efectuar a comprobación de replanteo,*

*estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remítindose un exemplar da mesma ó organo de contratación."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**20(601).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA". EXPTE. 2486/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2013 acorda aproba-lo "Proxecto revisado para a execución das obras de construcción dunha escola infantil en Navia" (Expte: 2084/440).*

*A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de construcción dunha escola infantil en Navia (Expte: 2107/440) á empresa ORECO S.A., por un importe de 605.246,10 € (IVE incluído) en data 27 de decembro de 2013.*

*Asínase acta de comprobación de replanteo, en data 3 de marzo de 2014; autorizando o comenzo da obra, computándose o prazo de execución dende o día seguinte a esa data.*

*Nas FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP contémplase a posibilidade de modifica-lo contrato nas unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estructuras e redes de servizos. As circunstancias que determinan a modificación baséanse no caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construccións ou redes soterradas ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas en proxecto.*
*MOTIVOS:*

*No transcurso da execución da obra concorren diversas circunstancias que se recollen nos seguintes apartados:*

- *Compróbase que no proxecto plantexouse unha cimentación con zapatas ailladas sen vigas de atado.*

*O estudo xeotécnico feito na parcela indica o seguinte:*

*"...se recomienda realizar una cimentación directa mediante zapatas aisladas arriostradas, al menos en una dirección, y calculadas todas para una capacidad portante de 1.5 Kp/cm2"*

*Atendendo ás características do solo, e á comprobación "in situ" dos sustratos resistentes existentes; unha vez executada a excavación, considérase necesario atender á recomendación do estudo xeotécnico e executa-lo arriostramento das zapatas ailladas, alomenos nunha dirección.*

- *No proxecto de execución plantéxase unha estructura mixta no nivel de solo de planta baixa, combinando unha zona perimetral de lousa maciza de formigón armado sobre esteos e unha zona central resolta cunha soleira asentada directamente sobre un recheo de terra cunha profundidade aproximada de 3´50 m. Ás diferencias de rixidez dos sistemas constructivos que forman o solo da escola infantil (lousa maciza de formigón armado e soleira sobre un recheo de terra de 3´50 m de profundidade) conlevará a existencia de asentamentos diversos de cada un dos sistemas constructivos. Tendo en conta as recomendacións do estudo xeotécnico, que aconsellaba evitar asentos diferenciais non desexables, e atendendo á previsión de instalación dun*

*sistema de quecemento de solo radiante con conduccións de auga nese nivel de solo que obriga a minimiza-la existencia de asentos diferenciais, faise necesario executa-la estructura de solo de planta baixa cun único sistema constructivo baseado na execución dunha lousa de formigón armado. Deste xeito garántese o comportamento homoxéneo da estructura do edificio, minimízase a existencia de asentos difenciais e garántese a estabilidade do soporte do solo radiante.*
*En consecuencia, a redacción do Proxecto Modificado nº 1 sen incremento económico ten por obxecto recolle-las modificacións de proxecto que se derivan dos axustes de cimentación e estructura procedendo tamén a revisa-las medicións doutras partes de obra axustándoas ás previsións reais.*
*Atendendo ó indicado no Artigo 107 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, "Modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación", considerase que se xustifica a necesidade de modifica-los aspectos indicados atendendo aos dous primeiros apartados do devandito artigo:*

*"a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas."*

*"b) Inadecuación del proyecto o de las especificaciones de la prestación por causas objetivas que determinen su falta de idoneidad, consistentes en circunstancias de tipo geológico, hídrico, arqueológico, medioambiental o similares, puestas de manifiesto con posterioridad a la adjudicación del contrato y que no fuesen previsibles con anterioridad aplicando toda la diligencia requerida de acuerdo con una buena práctica profesional en la elaboración del proyecto o en la redacción de las especificaciones técnicas."*

*Estímase que as citadas modificacións non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público. Considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato, non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Clausulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. Os aspectos e as circunstancias que determinan a modificación correspóndense coas recollidas no apartado 15 das FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP e nas contempladas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

*Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos Directores factultativos da obra de data 2 de xuño, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte.*

*PROPOSTA:*
1.- *Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA".", recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.*
2.- *Autorizar a moratoria ao prazo de excución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(602).- APROBACIÓN DO ANEXO Nº 1 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, INCLUÍDA NAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚAS DO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 2474/440.**

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 4.06.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Localidade e situación: CONCELLO DE VIGO, rúa Juan Ramón Jiménez*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*
*Autor/a do proxecto: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Contratista titular do plan: MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D.AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Autor/a ANEXO Nº 1 ao plan de seguridade e saúde no traballo: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU),*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

- *Anexo nº 1 ao Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*
- *Obra no expediente o informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Aprobar o ANEXO Nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde da rúa Juan Ramón Jiménez, incluída nas obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A., a cal a súa vez xunto co Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou*

*concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(603).- APROBACIÓN DO ANEXO Nº 2 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ , INCLUÍDA NAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚAS DO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 2475/440.**

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 4.06.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Localidade e situación: CONCELLO DE VIGO, rúa Juan Ramón Jiménez*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*
*Autor/a do proxecto: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Contratista titular do plan: MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D.AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Autor/a ANEXO Nº 2 ao plan de seguridade e saúde no traballo: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU),*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

- *Anexo nº 2 ao Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*
- *Obra no expediente o informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o anexo nº 2 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención.*

*Polo exposto, <u>sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:</u>*

*1º.- Aprobar o ANEXO Nº 2 ao Plan de Seguridade e Saúde da rúa Juan Ramón Jiménez, incluída nas obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A., a cal a súa vez xunto co Anexo nº 2 ao Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(604).- APROBACIÓN DO ANEXO Nº 1 AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA RÚA PAZ , INCLUÍDA NAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚAS DO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 2473/440**.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 4.06.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Localidade e situación: CONCELLO DE VIGO, RUA PAZ*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*
*Autor/a do proxecto: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Contratista titular do plan: MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D.AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Autor/a ANEXO Nº 1 ao plan de seguridade e saúde no traballo: JORGE ARIAS LORENZO (MISTURAS S.A)*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU),*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

– *Anexo nº 1 ao Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento*

*aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

– *Obra no expediente o informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Aprobar o ANEXO Nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde da rúa Paz, incluída nas obras de reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MISTURAS OBRAS E PROXECTOS S.A., a cal a súa vez xunto co Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(604).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRO DE COTAS ADEBEDADAS Á ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 7474/407**.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, do 9.06.14, conformado pola xerente, que di o seguinte:

*A Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo é unha entidade de dereito público cuxa finalidade é a de regular as relacións xurídicas entre os propietarios e usuarios do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, no marco da ordenación urbanística desenvolvida polo Plan Parcial de Ordenación, o Proxecto de Urbanización do Parque, así como das modificacións puntuais realizadas; todos eles aprobados polo Concello de Vigo.*

*Esta Entidade ten xenéricamente por obxecto a conservación das obras de urbanización e mantemento das dotacións e instalacións dos servizos xerais do Parque asumindo a conservación das zonas verdes, viais e aceras, mobiliario urbano e sinalización e instalacións de alumeado público. Así como a prestación dos servizos de recollida e xestión de residuos sólidos urbanos e a limpeza viaria.*

*O día 11 de xullo de 2012, D. José Luciano Martínez Covelo, na súa calidade de Presidente da Entidade, presentou escrito no Concello de Vigo solicitando o inicio da vía administrativa de constrinximento contra a empresa debedora Alvarado Frío Distribuciones, S.L., NIF B-36858006, polo impago das cotas da parcela 6.7 da rúa 3 do Parque Tecnolóxico e Loxístico.*

*Tra-los preceptivos trámites previos, en febreiro de 2013 remitiouse á Tesourería Municipal o acordo da Xunta de Goberno Local para a execución forzosa das cotas de conservación adebedadas pola empresa Alvarado Frío Distribuciones, S.L., por un importe total de 7.657,76 euros (exp. 6674/407). Dito expediente estase a tramitar na unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo.*

*O 29 de abril de 2014, D. José Manuel Modroño Martínez, na súa calidade de Presidente da Entidade, presentou escrito solicitando a ampliación da contía reclamada en vía de constrinximento á entidade Alvarado Frío Distribuciones, S.L. polo impago das cotas de conservación ata un importe total de 18.665,79 euros.*

*Á dita solicitude achégase certificación emitida polo Presidente e o Tesoureiro da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo relativa á débeda que mantén a empresa coa Entidade, e ao acordo da Xunta Directiva adoptado o 27 de marzo de 2014 de comunicar o aumento da débeda inicial. Así mesmo, certifícase a realización de notificacións por distintos medios á empresa Alvarado Frío Distribuciones, S.L. da cantidade adebedada, así como do inicio da vía de constrinximento ante o impago da débeda existente.*

*FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*O artigo 32.10 dos Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo recolle expresamente como facultade da Xunta Directiva a de: Solicitar da Administración municipal a aplicación do procedemento executivo e a vía de constrinximento para o cobro das cotas que adebeden os asociados.*

*Así mesmo, o artigo 41.1. dos Estatutos establece que: As cotas dos socios e demáis cantidades que deban satisfacer éstos serán ingresadas nos prazos e datas que fixe a Xunta Directiva. A partir da data na que sexan esixibles devengarán xuros legais de mora ata o seu completo aboamento. No caso de impago, as cotas poderán ser esixidas mediante reclamación en vía civil ordinaria ou a través do Concello pola vía executiva do procedimento de prema, entregándose neste caso á Entidade as cotas recibidas polo Concello.*

*Doutra banda, o artigo 70.1 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación Urbana establece que: Calquera que fose o suxeito a quen corresponde a obriga de mantemento á que se refiren os artigos precedentes, o Concello ou administración actuante, na súa condición de titular dos terreos de dominio público, obras, dotacións e instalacións obxecto de cesión obrigatoria, poderá esixir pola vía de prema as cotas que se adebeden, sexa de oficio, ou a instancia, no seu caso, da entidade urbanística colaboradora.*

*O artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia recolle que: As cotas de conservación que corresponda satisfacer aos miembros da entidade urbanística de conservación serán obrigatorias e esixibles pola vía de prema.*

*Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de prema é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde únicamente á Administración tributaria.*

*A providencia de apremio será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.*
*Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflictos Xurisdiccionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.*

*O procedemento de apremio se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requerirá para que efectúe o pago.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

– *Quedar enterada das seguintes cotas de conservación adebedadas pola sociedade mercantil Alvarado Frío Industrial, S.L. (NIF B-36.858.066) á Entidade de Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:*

| ANO | MES | FACTURA Nº | COTA |
|---|---|---|---|
| 2012 | Xuño | 2012/A201 | 478,61 € |
| 2012 | Xullo | 2012/A239 | 478,61 € |
| 2012 | Agosto | 2012/A278 | 478,61 € |
| 2012 | Setembro | 2012/A316 | 478,61 € |
| 2012 | Outubro | 2012/A354 | 478,61 € |
| 2012 | Noviembre | 2012/A393 | 478,61 € |
| 2012 | Diciembre | 2012/A431 | 478,61 € |
| 2013 | Xaneiro | 2013/A008 | 478,61 € |
| 2013 | Febreiro | 2013/A047 | 478,61 € |
| 2013 | Marzo | 2013/A085 | 478,61 € |
| 2013 | Abril | 2013/A124 | 478,61 € |
| 2013 | Maio | 2013/A163 | 478,61 € |
| 2013 | Xuño | 2013/A201 | 478,61 € |
| 2013 | Xullo | 2013/A239 | 478,61 € |
| 2013 | Agosto | 2013/A278 | 478,61 € |
| 2013 | Setembro | 2013/A316 | 478,61 € |
| 2013 | Outubro | 2013/A354 | 478,61 € |
| 2013 | Novembro | 2013/A393 | 478,61 € |
| 2013 | Decembro | 2013/A431 | 478,61 € |
| 2014 | Xaneiro | 2014/A008 | 478,61 € |
| 2014 | Febreiro | 2014/A047 | 478,61 € |
| 2014 | Marzo | 2014/A85 | 478,61 € |
| 2014 | Abril | 2014/A | 478,61 € |
| | | TOTAL | 11.008,03 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, quedando enterada das devanditas cotas de conservación adebedadas pola sociedade mercantil Alvarado Frío Industrial, S.L. (NIF B-36.858.066) á Entidade de Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio.

**25(605).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 7457/407.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da Xerencia municipal de Urbanismo, do 9.06.14, conformado pola xerente, que di o seguinte:

*Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Durante o exercicio 2013 impuxéronse multas por parte deste organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

- *Joaquín Domínguez Carballa (NIF 35857900A) 600,00 euros*
- *Ana Mª Alvarez Alvarez (NIF 35913145W) 600,00 euros*
- *Mª Isabel Alvarez Alvarez (NIF 34623107B) 600,00 euros*
- *Ibercisan SLU (NIF B36759660) 600,00 euros*
- *Emilia Alvarez Díaz (NIF 36868747T) 600,00 euros*
- *Servicios Marsero, S.L. (NIF B36747046) 500,00 euros*
- *Mª Carmen Bernárdez Fernández (NIF 36008648D) 2.500,00 euros*
- *Rafael Ramos Negro (NIF 35832377X) 1.000,00 euros*
- *Francisco Correa Bastos (NIF 36003382X) 600,00 euros*
- *Lourdes Caride Rodríguez (NIF 36025021) 600,00 euros*
- *Raminosa, S.L. (B36356269) 1.500,00 euros*
- *Antonio Rodríguez Alvarez (NIF 36831901T) 600,00 euros*
- *Inmobiliaria Bamase (NIF B36904423) 600,00 euros*

- *Sabino Alonso Alvarez (NIF 35915598V)* *1.200,00 euros*
- *C.PP. Joaquín Loriga 11 (NIF H36877520)* *1.500,00 euros*
- *Mª Carmen Pedreira Piñón (NIF 32463925T)* *300,00 euros*
- *Empresa Fraga Espectáculos, S.A. (NIF A28010114)* *600,00 euros*
- *Alejandra García Piñeiro (NIF 53170570K)* *600,00 euros*
- *Berjun, S.L. (NIF B36194314)* *3.000,00 euros*
- *Grupo Espavene, S.L. (NIF B36747038)* *3.500,00 euros*
- *Obras y Construcciones Alen, S.A. (NIF A36063667)* *2.500,00 euros*
- *Flora Garrido Martínez (NIF 35954227Y)* *3.000,00 euros*
- *Juan Maceira López (NIF 35517469H)* *2.500,00 euros*
- *Amparo Alonso Davila (NIF 35950089P)* *600,00 euros*
- *Amparo Alonso Davila (NIF 35950089P)* *1.500,00 euros*
- *Mercedes Pascual Carrera (NIF 36022843J)* *1.200,00 euros*
- *Castor Bladimiro López Pardo (NIF 34207892S)* *600,00 euros*
- *Aurea Varela Baquero (NIF 35826176L)* *600,00 euros*
- *Ibercisan, S.L.U. (NIF B36759660)* *300,00 euros*
- *José Mª Ruibal Solla (NIF 35226759M)* *1.000,00 euros*
- *Consuelo Vieitez Torres (NIF 35965286W)* *1.000,00 euros*
- *Novagalicia Banco (NIF G36600369)* *600,00 euros*
- *Inmobiliaria Collazo Carballa, S.L. (NIF B36274132)* *900,00 euros*
- *Prudencia Troncoso  Piñeiro (NIF 35966630N)* *2.500,00 euros*
- *C.PP. Urzaiz, 32 (NIF H36911899)* *5.000,00 euros*
- *Mª Isabel Gil Fernández (NIF 35764854S)* *600,00 euros*
- *Toucruz, S.L. (NIF B36435147)* *600,00 euros*
- *Mediarte y Comunicación Galicia, S.L.(NIF B36787364)* *600,00 euros*
- *Retevisión Móvil, S.A. (NIF A61719274)* *1.000,00 euros*
- *Toucruz, S.L. (NIF B36435147)* *1.000,00 euros*
- *Inversiones Playamar, S.L. (NIF B36829315)* *600,00 euros*
- *Gesticeltia, S.L. (NIF B32228579)* *1.000,00 euros*
- *AIM Iniciativas Empresariales, S.L. (NIF B36539393)* *2.000,00 euros*
- *Francisco Javier Mateo Vidal (NIF 35932864X)* *600,00 euros*
- *Ledicia Suárez Costas (NIF 36171876Y)* *600,00 euros*
- *Mª Montserrat Lozano Rincón (NIF 25673153R)* *600,00 euros*
- *Coprosal, S.L. (NIF B27170687)* *500,00 euros*
- *Manuela Fariña Rodríguez (NIF 34921868W)* *2.500,00 euros*
- *Grupo Espavene, S.L. (NIF B36747038)* *600,00 euros*
- *José Vázquez Cid (NIF 35906663Y)* *600,00 euros*
- *Promociones Partinico, S.L. (NIF B36782126)* *300,00 euros*
- *Amadeo Rodríguez Torrente (NIF 35929753G)* *1.000,00 euros*
- *José Domínguez Penelas (NIF 36076203J)* *600,00 euros*
- *Isabel Pazo Iglesias (NIF 35813138E)* *1.000,00 euros*
- *José Rogelio Ruzo Rodríguez (NIF 35540452R)* *4.000,00 euros*
- *Mª Carmen Costas Seijo (NIF 35915233C)* *500,00 euros*
- *Renovados de las Cinco Jotas, S.L. (NIF B36978716)* *600,00 euros*
- *Ibercisan, S.L.U. (NIF B36759660)* *1.000,00 euros*
- *Buldingcenter, S.A.U. (NIF A63106157)* *600,00 euros*
- *AIM Iniciativas Empresariales, S.L. (NIF B36539393)* *3.500,00 euros*
- *Francisca Lemos Pais (NIF 35905003W)* *300,00 euros*
- *Alejandro Goberna Comesaña (NIF 36147055K)* *600,00 euros*

- *José Manuel Ruibal Solla (NIF 35226759M)* *600,00 euros*
- *José Luis Alvarez Ríos (NIF 35966044R)* *300,00 euros*
- *Edelne, S.L.. (NIF B36725802)* *600,00 euros*
- *Promociones Panamá 14, S.A. (NIF A70058292)* *600,00 euros*
- *Azlienia Gestión, S.L. (NIF B36942803)* *600,00 euros*
- *Astilleros y Construcciones Lagoa, S.A. (A36609204)* *5.000,00 euros*
- *Gestiones Urb. Y de Negocios, S.L. (NIF B36785152)* *1.000,00 euros*
- *Marta Vilar Casal (NIF 36150094M)* *500,00 euros*
- *Aurelio Pérez Graña (NIF 36036949C)* *500,00 euros*
- *Inmobiliaria Bamase, S.L. (NIF B36904423)* *1.000,00 euros*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada das devanditas sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**26(606).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ A CURSO NA ESCOLA DE TRÁFICO DE MÉRIDA OS DÍAS 17, 18 E 19 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 41037/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.06.14, e de acordo co informe-proposta do intendente da Policía Local, do 10.06.14, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao funcionario de carreira D. Francisco Martínez Muñoz, con nº de persoal 13712, con posto de Intendente-Xefe da Policía, a asistir, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización, ao curso convocado pola Dirección Xeral de Tráfico, dirixido a Xefes de Policía Local, que se impartirá na Escola de Tráfico de Mérida os días 17,18 e 19 de xuño de 2014.

2º - A comisión terá a seguinte duración:

- Saída o luns 16 de xuño despois das 14:00 horas e regreso o xoves 19 de xuño de 2014 despois das 22:00 horas.

3º.- O traslado farase no vehículo particular do interesado.

4º.- Autorizar o gasto total de 592,26 € , segundo o seguinte desglose:

- 328,81 € polas dietas devengadas na duración da comisión, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302000 (DIETAS PARA PERSONAL)
- 263,454 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2312000 (LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO) para os gastos de desprazamento que se devengen na execución da comisión.

**27(607).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.